

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

Nome:

Data:

Antes de nada...

Sabes a quen lle dedicamos neste ano 2020 o Día das Letras Galegas?

Que poderías contarnos sobre el?

Coñeces algunha das súas obras?

Coñeces outros escritores ou escritoras homenaxeados no Día das Letras Galegas? Cales?

Sabes o que é un videoclip?

Cal é o teu favorito?

Que cres que é o máis importante para poder facer un videoclip?

Atreveríaste a facer un videoclip?

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

Velaí vai a proposta...

'Sonho de Catarina' é un tema composto polo grupo galego **A banda da Loba** baseándose nun poema de **Ricardo Carvalho Calero**.

Escoitádeo e imaxinade o voso videoclip para o tema. Podemos organizar un CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS xunto coas outras aulas do cole.

Imos paso a paso...

- 1º Leremos a letra da canción mentres a escoitamos.
- 2º Identificaremos as distintas partes da canción e realizaremos un esquema da FORMA MUSICAL que nos servirá para facer un guión do vídeo.
- 3º Analizaremos a letra máis polo miúdo, para decidir as imaxes que acompañarán a música.
- 4º Crearemos as imaxes para cada parte tendo en conta o número de frases e o ritmo.
- 5º Montaremos o noso vídeo!

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 1: A LETRA

Identifica as partes que se repitem empregando un código de letras e cores.

Ex. Parte A (vermello), parte B (azul), parte C (verde), parte D (amarelo).

Som lobos escuros e raudos,
cujos olhos abrem na noite
corredoiras de lume roxo.

Corredoiras na noite.

Amam as flores, e, ao ceá-las,
bêbedos, dançan nos jardins,
baixo a olhada leda da lua.

Baixo a olhada da lua.

Diamantes que rachem os
vidros?

Ou serám os ollhos dos lobos?

Ou serán os olhos das lobas?

Ou serám... os olhos...

Os olhos dos lobos,

os olhos das lobas.

Os olhos dos lobos,

os olhos das lobas,

os olhos... das lobas

Amam as flores, e, ao ceá-las,
bêbedas, dançan nos jardins,
baixo a olhada leda da lua.

As lobas raudas e escuras.

Diamantes que rachem os vidros?

Lerelelelé...

Diamantes que rachem os vidros?

Ou serám os ollhos dos lobos?

Ou serán os olhos das lobas?

Ou serám... os olhos...

Os olhos dos lobos,

os olhos das lobas.

Os olhos dos lobos,

os olhos das lobas,

os olhos... das lobas.

O sonho dos lobos,

o sonho das lobas.

O sonho dos lobos,

o sonho das lobas,

o sonho... das lobas

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 2: A FORMA MUSICAL

Realiza un esquema da forma musical axudándote da letra.
Podes indicar, sobre unha liña temporal, as partes diferentes (A,B,C...) e escribir debaixo as primeiras palabras de cada unha delas.
Este esquema vai nos servir de gui3n para crear o v3deo musical.

Exemplo:

INTRO A



Son lobos...

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 3: A LETRA (2)

A letra desta canción está baseada neste poema de Carvalho Calero titulado 'Sonho de Catarina', do seu poemario *Pretérito imperfecto*.

Jardineira, coida as tuas flores.
Os lobos baixam da montanha.
Jardineira, coida as tuas flores.

Os lobos saem dos seus tobos.
Os debulhadores de flores.
Coida as tuas flores, jardineira.

É a hora em que congrega o galo
na trave, cansas, as galinhas.
Cansas de pôr ovos de neve
e debulhar vermes de esmeralda.

Os lobos baixam da montanha.
Os cans ouveiam à lua
e nom vem que baixam os lobos.

Som lobos escuros e raudos,
cujos olhos abrem na noite
corredoiras de lume roxo.

Amam as flores, e, ao ceá-las,
bêbedos, dançam nos jardins,
baixo a mirada leda da lua.

Catarina, a tua fiestra
abre-se ao jardim, Catarina.
Catarina, cobre as façulas.

Que lobos mais originais!
Deixam espidas as roseiras.
Que lobos mais originais!

Estás sonhando, Catarina?
Diamantes que rachem os vidros?
Ou serán os olhos dos lobos?

Catarina, quem fosse lobo,
para debulhar-che as façulas...

O abrete adianta no horizonte
um anaquinho de presenza.
Os lobos, cantando e rindo,
rubem aos tobos da montanha.
Ao pasar junta os cans dormidos,
acenam-lhes sem que se decatem.

Umha rejeirinha de sol,
como umha aguilhada de ouro,
fere no lombo dos lobos.

Os lobos botam a correr.

Luz. Catarina despertou.

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 3: A LETRA (2)

Cal é a temática da canción? De que fala?

E o poema de Carvalho Calero?



Que diferenzas observas entre a letra da canción e o poema orixinal?

Que partes do poema se conservan e cales non? Sublíñaas coas cores que empregaches na ACTIVIDADE 1.

Decatácheste de que a ortografía que empregaba Carvalho Calero non é exactamente igual que a que usamos nós normalmente para escribir en galego?

Escribe cinco palabras que che chamaran a atención e coméntaas oralmente coas túas compañeiras e compañeiros:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 4: AS IMAXES

Deseña as imaxes que acompañarán cada parte do vídeo musical.

Pensa:

- Cantas partes diferentes ten a canción.
- Cantas frases/versos ten cada unha desas partes.
- Como é o ritmo en cada unha delas.
- Que di a letra e que imaxes che evoca.



O esquema da ACTIVIDADE 2 pode ser de gran axuda!

- Repartimos o traballo entre tod@s.
- Descargamos as imaxes da AULA VIRTUAL.
- Coloreámolas co ordenador.
- Enviámolas á mestra.



ACTIVIDADE 5: O VÍDEO

Colectivamente imos tomar as últimas decisións para montar o noso vídeo musical.

Estade moi atentas e atentos porque a próxima vez cada quen fará o seu propio vídeo!

No programa de edición de vídeo teremos que:

1. Engadir a pista de **audio** da canción
2. Engadir as **imaxes** creadas por tod@s.
3. Combinalas tendo en conta as partes da canción e o ritmo.

